
GALIZA TEN DEREITO. EN DEFENSA DO EMPREGO, DO AFORRO E DO PAÍS

Manifestación nacional 13 de Marzo

Galiza atravesamos unha situación de emerxencia nacional. **Desde que goberna Feijóo**, o noso País lidera a destrución de emprego no conxunto do Estado, até chegarmos a **un máximo histórico de 245.000 paradas e parados**. Isto non é casual. É o produto do acoso ao que están sometidos os sectores produtivos básicos da nosa nación (desde o enerxético até o financeiro pasando polo lácteo, o naval e o complexo mar-industria). É o produto da acción combinada de dous gobernos, o Goberno do Estado en mans do PSOE e o Goberno galego en mans do PP.

A situación é crítica porque está en xogo o noso aforro, coa ameaza da privatización da caixa galega, o emprego -con ausencia de políticas que activen os sectores produtivos- e o propio País, coas súas competencias exclusivas postas en cuestión polo Goberno do Estado.

E ante esta situación, o Goberno galego nin fai nin propón nada, dirixido por un presidente, o Sr. **Núñez Feijóo**, que está a demostrar a súa incompetencia e que **non dá a talla ante a gravidade dos problemas que enfrentamos como País**.

Podemos perder o aforro galego -lembremos que a caixa que o Goberno PSOE quer privatizar, sen resistencia por parte da Xunta, concentra máis do 50 por cento dos depósitos das galegas e dos galegos- e podemos perder tamén a suficiencia enerxética, de se aplicar até as últimas consecuencias un Decreto do Carbón -votado conxuntamente por PSOE e PP- que pode levar a que Galiza pase de ser unha potencia excedentaria a ser un País dependente en materia enerxética.

E ao mesmo tempo que o aforro e a enerxía están en perigo, arredor de 1.500 explotacións leiteiras pecharon desde que o PP goberna a Xunta, a UE continúa decretando desguaces para a frota pesqueira galega, o sector da conserva está en risco e o naval ten a súa capacidade produtiva baixo mínimos.

É tempo de dicirmos que até aquí chegamos. É tempo de reacción social.

Ante a ausencia de lideranza dun Goberno galego que dimite das súas responsabilidades e que non é quen de porse ao fronte da sociedade en defensa do País, o nacionalismo toma a iniciativa.

Por iso o BNG -conxuntamente coa CIG- convoca unha grande manifestación para o 13 de Marzo en Santiago baixo o lema "Galiza ten Dereito. En defensa do Aforro, o Emprego e o País". **Unha manifestación aberta ao conxunto da sociedade**, a todas e a todos os que queremos un País con Futuro. Todo o tecido asociativo de Galiza está convidado a tomar parte nunha manifestación que pretende ser a expresión da dignidade deste País e da vontade da sociedade galega de conquistar o seu dereito a vivir e producir nesta terra.

Porque GALIZA TEN DEREITO

**EN DEFENSA DO AFORRO,
O EMPREGO E O PAÍS**

**Acude o domingo 13 de Marzo ás
12.00 horas á MANIFESTACIÓN en Santiago
de Compostela (partirá da Praza da Alameda).**



www.bng-galiza.org
facebook.com/bloquenacionalistagalego
twitter.com/obloque